

Alcalde, Concelleiras/os, autoridades, nais e pais, alumnas e alumnos: moi bo día.

É un pracer para este Director recoller o Premio Cidade de Pontevedra, en nome de toda a comunidade educativa do IES LUÍS SEOANE.

Este non e só un premio ao centro (isto témolo moi claro): é un recoñecemento a un traballo compartido coas nais e pais de todo o alumnado, cos veciños/as do barrio e cos centros de EI Fina Casalderrey e EP Marcos da Portela. Sen a participación de todos e todas, non sería posibel.....

Dende o ano 1988, no que IES Luís Seoane se instalou en Monte Porreiro, o centro e os veciños e veciñas compartimos espazos; espazos que se foron transformando de xeito significativo ata converter hoxe o barrio nun lugar agradábel e acolledor, como podemos observar por exemplo coa posta en marcha polos veciños e veciñas dos “camiños escolares” nos que nais e pais, avoas e avós e outros participantes, colaboran anónima e voluntariamente nun proxecto “premiado”, demostrando a súa solidariedade e compromiso; uns veciños e veciñas que conseguiron un barrio integrador e intercultural, valores que identifican tamén aos centros públicos de ensino de Monte Porreiro.

No caso do IES Luís Seoane, dende o seu nacemento comprometeuse cunha educación de calidade e innovadora: fomos centro experimental para o adianto da ESO e tamén da actual Formación Profesional. Por exemplo na FP, hoxe, o noso alumnado pode realizar prácticas nas empresas da provincia, pero tamén no estranxeiro, polo que mereceu xa no ano 2003 o “1º Premio á Calidade na mobilidade no marco do programa Leonardo Davinci”, e na actualidade participa activamente no programa “Erasmus+”, ademais de contar cun viveiro de empresas para axudar ao alumnado que remata a poñer en marcha as súas iniciativas emprendedoras. Este compromiso viuse reforzado dende que no ano 1997 entramos a formar parte da rede de escolas asociadas á UNESCO, fixándonos como obxectivo ofrecer un ensino integrador, intercultural e igualitario, pero tamén ético e social: desenvolver, sensibilizar e interiorizar na nosa comunidade os valores do Desenvolvemento Sostíbel, da cooperación internacional e da Cultura de Paz, ámbito no que fomos recentemente nomeados “Embaixadores de Paz” pola organización “Mil Milenios de Paz”, da República Arxentina.

Todo isto require compromiso e esforzo de parte do profesorado e alumnado, pero tamén do apoio incondicional, voluntario e desinteresado das nais e pais dos nosos prezados alumnos/as, e do persoal non docente, que colaboran en todas e cada unha das actividades que realizamos: mercadiño solidario, exposicións, acollementos, charlas e un longo etcétera.

Para rematar, non queremos deixar de facer unha defensa forte, aberta e sen paliativos da escola pública, garante da igualdade de oportunidades, inclusiva, equitativa, igual para nenos e nenas, crítica, reflexiva e libre, e sabemos que neste camiño estamos acompañados pola ANPA, pola Asociación de Veciños/as e polas Escolas do barrio.

Respectar os tempos de aprendizaxe, dar voz ao alumnado, promover a súa autonomía e independencia, ensinarlle a observar o mundo con ollos atentos, preparalo para dar resposta aos retos globais como cidadáns globais sen esquecer a súa identidade: contribuír á súa felicidade fai posible que a educación se convirta no camiño para conseguir un mundo máis xusto, igual e sostíbel, e nesa tarefa está inmersa toda a comunidade educativa do IES LUÍS SEOANE.

Moitísimas grazas por este recoñecemento.